

CALENDARIO LABORAL E HORARIO DE TRABALLO PARA O ANO 2022

De conformidade co establecido no Decreto 97/2021, do 10 de xuño, da Xunta de Galicia (DOG nº 128 do 7 de xullo de 2021) polo que se determina o calendario laboral do ano 2022, as festas da Comunidade Autónoma de Galicia, de carácter retribuído e non recuperable, serán as seguintes:

1 de xaneiro	Aninovo
6 de xaneiro	Epifanía do Señor (Día de Reis)
14 de abril	Xoves Santo
15 de abril	Venres Santo
17 de maio	Día das Letras Galegas
24 de xuño	San Xoán
25 de xullo	Día Nacional de Galicia
15 de agosto	Asunción da Virxe
12 de outubro	Festa Nacional de España
1 de novembro	Todos os Santos
6 de decembro	Día da Constitución Española
8 de decembro	Inmaculada Concepción

Segundo o calendario laboral elaborado pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade do 27 de setembro de 2021 (BOP do 30 de setembro de 2021), as festas de **carácter local**, inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables para o ano 2022, son:

CONCELLO DA CORUÑA:	1 de marzo: Martes de Entroido 7 de outubro: Festa da Virxe do Rosario
CONCELLO DE FERROL:	7 de xaneiro: San Xiao 18 de abril: Luns de Pascua/Nosa Señora do Chamorro.
CONCELLO DE OLEIROS:	1 de marzo: Martes de Entroido 18 de abril: Luns de Pascua.

Segundo o disposto na instrución Décimo cuarta 4 da Resolución do 24 de febreiro de 2016 da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas (DOG do 4 de marzo de 2016), modificada pola Resolución do 7 de febreiro de 2017, e na Resolución da Xerencia da UDC do 30 de xaneiro de 2019, os días **24 e 31 de decembro** todas as oficinas públicas da UDC permanecerán pechadas, agás os servizos de información e rexistro.

Así mesmo, o **día da inauguración do curso académico** (cando a súa celebración coincida na UDC, no caso contrario engadirase un día adicional aos asuntos particulares) e o **día da Universidade**, que en 2022 será o **28 de xaneiro**, son inhábiles para efectos lectivos e laborais. Así mesmo terá a condición de non laborable para o persoal destinado nos centros, o día do patrón.

HORARIO DE TRABALLO (de luns a venres) (Segundo Resolución do 30 de xaneiro de 2019)	
HORARIO XERAL	HORARIO DE VERÁN (do 1 de xuño ao 30 de setembro) XORNADAS ESPECIAIS (Semana Santa, luns e martes de Entroido e Nadal do 24/12 ao 07/01)
Mañá: de 07:45 a 15:15 horas Tarde: de 14:30 a 22:00 horas Xornada partida: de 08:30 a 14:00/15:30 a 17:30 Semana laboral de 37,5 horas	Mañá: de 08:45 a 14:45 horas Tarde: de 14:45 a 20:45 horas Semana laboral de 30 horas
Horario Atención ao Público: de 08:30 a 14:30	Horario Atención ao Público: de 09:15 a 14:15

A Coruña, 2 de decembro de 2021

O xerente

Ramón del Valle López

Código Seguro De Verificación	hEH1rnqGkJXZLbrDKdAOnw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	02/12/2021 14:51:18
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hEH1rnqGkJXZLbrDKdAOnw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

